



Aprobado inicialmente o regulamento orgánico de participación cidadá, polo Pleno do concello o 7 de xullo de 2006, tralos trámites oportunos sen que se recibirá alegacións ao mesmo, publícase a continuación o texto íntegro para a súa entrada en vigor.

**REGULAMENTO ORGÁNICO DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ DO EXCMO.
CONCELLO DE OURENSE**

INDICE:

TÍTULO I.- DISPOSICIÓN XERAIS.

Artigo 1. - Ámbito obxectivo de aplicación.

Artigo 2.- Ámbito subxectivo de aplicación.

Artigo 3.- Finalidade das normas.

TÍTULO II.- DEREITOS DOS CIDADÁNS.

CAPÍTULO 1.- DO DEREITO DE INFORMACIÓN

Artigo 4.- Dereito xeral de información.

Artigo 5.- Participación dos veciños no Pleno.

Artigo 6.- Acceso a arquivos e rexistros.

Artigo 7.- Información acerca dos procedementos en tramitación.

Artigo 8.- Coñecemento da Xestión Municipal.

Artigo 9.- Oficinas de Información e Atención ó Cidadán.

Artigo 10.- Publicidade das sesións do Concello Pleno.

Artigo 11.- Difusión personalizada.

CAPÍTULO 2.- DO DEREITO DE PETICIÓN.

Artigo 12.- Titulares e obxecto do dereito de petición.

Artigo 13.- Forma de exercitar este dereito.

**CAPÍTULO 3.- DO DEREITO DE PARTICIPACIÓN DOS VECIÑOS E ENTIDADES
CIDADÁS NOS ÓRGANOS DO CONCELLO.**



Artigo 14.- Participación dos veciños e asociacións

Artigo 15.- Participación das asociacións de veciños nos órganos colexiados.

Artigo 16.- Presentación de iniciativas polas asociacións de veciños.

CAPÍTULO 4.- DO DEREITO DE INICIATIVA E PROPOSTA CIDADÁ.

Artigo 17.- Iniciativa Popular

Artigo 18.- Iniciativa cidadá para promover actividades de interese público.

Artigo 19.- Participacións nas sesións.

Artigo 20.- Dereito de proposta.

CAPÍTULO 5.- DEREITO Á CONSULTA CIDADÁ.

Artigo 21.- Consulta popular.

Artigo 22.- Outras consultas

CAPÍTULO 6.- DEREITO Á AUDIENCIA PÚBLICA.

Artigo 23.- Audiencia pública.

Artigo 24.- Resolución da audiencia pública.

CAPTITULO 7.- DEFENSA DOS DEREITOS DOS VECIÑOS.

Artigo 25.- Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións

TÍTULO III.- AS ENTIDADES CIDADÁNS.

CAPÍTULO 1.- REXISTRO DE ENTIDADES CIDADÁNS.

Artigo 26.- Obxectivos do Rexistro.

Artigo 27.- Entidades que poidan inscribirse.

Artigo 28.- Solicitud e documentación a presentar.

Artigo 29.- Resolución da solicitud.

Artigo 30.- Modificación dos datos e renovación anual da inscrición.

Artigo 31.- Datos asociativos.

CAPÍTULO 2.- FOMENTO DO ASOCIACIONISMO.

Artigo 32.- Medidas de fomento do asociacionismo.

SECCIÓN PRIMEIRA.- Da declaración de utilidade pública municipal.



Concello de Ourense. Servizo de réxime interior

Artigo 33.- Requisitos que deben cumprir as entidades cidadáns.

Artigo 34.- Solicitude de declaración de utilidade pública municipal.

Artigo 35.- Tramitación da declaración de utilidade pública.

Artigo 36.- Dereitos que comporta a declaración de utilidade pública.

Artigo 37.- Revogación da declaración de utilidade pública municipal.

SECCIÓN SEGUNDA.- Axudas, subvencións e convenios de colaboración.

Artigo 38.- Subvencións

Artigo 39.- Convenios de colaboración.

SECCIÓN TERCEIRA.- Utilización de locais, instalacións, canles de comunicación e xestión de equipamentos municipais.

Artigo 40.- Utilización de locais e instalacións.

Artigo 41.- Os medios de comunicación municipais.

Artigo 42.- Xestión de equipamentos municipais.

TÍTULO IV.- DEBERES DOS VECIÑOS

Artigo 43.- Deberes

DISPOSICIÓN ADICIONAL

Primeira.- Integración no regulamento orgánico.

Segunda.- Lexislación aplicable.

DISPOSICIÓN FINAL

DISPOSICIÓN DEROGATORIA

TÍTULO I.- DISPOSICIÓN XERAIS.

Artigo 1. - Ámbito obxectivo de aplicación.



Concello de Ourense. Servizo de réxime interior

1.- O presente regulamento ten por obxecto a regulación dos medios, formas e procedementos de participación dos veciños do municipio de Ourense na xestión municipal, no seu papel de instrumento esencial para o desenvolvemento de políticas de proximidade e participación, así como a regulación do funcionamento das entidades cidadáns do mesmo, conforme ao previsto pola Lei 57/2003 de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local.

2.- Así mesmo mediante este regulamento facilítase o exercicio do dereito á participación, razón pola cal, en caso de dúbida, interpretaranse os seus preceptos de maneira que sexan máis favorables á eficacia deste exercicio segundo o previsto nas leis.

3.- Ademais dos órganos de participación establecidos neste regulamento, o Alcalde, poderá crear comités de planificación participativa de apoio aos órganos municipais de goberno, así como consellos de participación cidadá de carácter sectorial ligados a servizos ou actividades concretas. A súa composición, funcións e normas específicas de funcionamento serán determinadas polo decreto que os cree, sen prexuízo do establecido neste Regulamento.

4.- O presente regulamento considerase parte integrada do Regulamento Orgánico de conformidade co disposto no artigo 123.1.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, segundo redacción dada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local.

Artigo 2.- Ámbito subxectivo de aplicación.

1.- O municipio é a canle inmediata de participación cidadá nos asuntos públicos e, así mesmo, o ámbito territorial para o exercicio dos dereitos recoñecidos na lexislación de réxime local.

2.- Os veciños de Ourense teñen nos termos que recoñecen as leis, ordenanzas e regulamentos os seguintes dereitos:

- a) Ser elector e elixible dacordo co disposto na lexislación electoral
- b) Participar na xestión municipal.
- c) Utilizar, de acordo coa súa natureza, os servizos públicos municipais, así como o disfrute do patrimonio público local.



Concello de Ourense. Servizo de réxime interior

3.- O ámbito de aplicación destas normas, nos termos establecidos en cada caso, inclúe a tódolos veciños e as entidades cidadáns con domicilio social no municipio de Ourense, que estean acreditadas ante o Excmo. Concello de Ourense.

4.- Adquírese a condición de veciño mediante a inscrición no padrón municipal de habitantes, de acordo co previsto na lexislación sectorial sobre poboación municipal.

Artigo 3.- Finalidade das normas.

O Concello de Ourense, a través das presentes normas pretende os seguintes obxectivos que servirán, no seu caso, como criterios de actuación.:

- O desenvolvemento efectivo da participación cidadá en virtude do previsto no artigo 9.2 e 23.1 da Constitución.
- Impulsar a participación dos cidadáns nos asuntos públicos, establecendo novas vías de participación, que garanta o desenvolvemento da democracia participativa e a eficacia da acción pública.
- Definir e mellorar as canles de información municipal. Facilitar a máis ampla información sobre a actividade municipal. Potenciar un plan de comunicación multidireccional entre os cidadáns, as asociacións e as estruturas administrativas municipais.
- Fomentar a vida asociativa na cidade, nos seus distritos e nos seus barrios, garantindo a convivencia solidaria e equilibrada na libre concorrencia de iniciativas cidadáns sobre os asuntos políticos.
- Garantir o acceso dos cidadáns aos recursos e estruturas municipais para implicarse na xestión dos equipamentos e actividades municipais.
- Facer efectivos os dereitos e deberes dos veciños deste municipio, recollidos no artigo 18 da lei reguladora das bases de réxime local, modificada pola lei 57/2003, de medidas para a modernización do goberno local.
- Garantir a solidariedade e o equilibrio entre os distintos barrios e distritos do termo municipal. A tales efectos poderase delimitar o termo municipal en zonas de actuación. Cada unha destas zonas será o ámbito de influencia e referencia de utilidade pública municipal de cada unha das asociacións de veciños rexistrada no rexistro municipal de asociacións (RMA) á data de aprobación deste regulamento.



TÍTULO II.- DEREITOS DOS CIDADÁNS.

CAPÍTULO 1.- DO DEREITO DE INFORMACIÓN

Artigo 4.- Dereito xeral de información.

1.- É o dereito que teñen tódalas persoas a recibir información das actividades municipais, acceder aos arquivos públicos, intervir nas sesións do Pleno e utilizar tódolos medios de información xeral que estableza o Concello.

2.- O Concello de Ourense garante aos cidadáns do municipio o seu dereito á información sobre a xestión das competencias e servizos municipais, dacordo coas disposicións legais vixentes e a normativa orgánica deste Concello, cos únicos límites previstos na Constitución, e na normativa específica.

3.- As normas, acordos, e en xeral as actuacións municipais, ademais de publicadas consonte á normativa vixente, serán divulgadas da forma máis sinxela e apropiada para que poidan ser coñecidas polos veciños e, como consecuencia, poidan exercer os seus dereitos e cumprir as súas obrigas.

4.- Os cidadáns poderán solicitar por escrito información sobre as actuacións e mais sobre tódolos servizos e actividades municipais. Como norma xeral as peticións serán razoadas e contestadas no sentido que en cada caso proceda no prazo máximo dun mes dende a data que o escrito teña entrada nas dependencias de participación cidadá, agás que o procedemento permita ou esixa outro maior ou menor. Dito prazo poderá interromperse no caso de precisar informe que deba ser emitido por outra administración pública.

5.- As solicitudes de información presentaranse no rexistro xeral, e deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 70 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXAP e PAC).

Se a solicitude non reunise os requisitos esixidos, requirirase ao interesado para que, no prazo de 10 días resolva a falta e acompañe os documentos preceptivos, con indicación de que se así non o fixera, teráselle por desestimada a súa petición, logo da resolución, que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da Lei 30/1992.



Concello de Ourense. Servizo de réxime interior

6.- Para garantir este dereito poderase utilizar calquera dos medios de comunicación xeral (boletín, bandos, publicacións e polo xeral calquera medio que garanta a difusión xeral) e consulta que o Concello estableza mediante o uso de calquera das tecnoloxías ao servizo das comunicacións e a información.

Os centros culturais e outros equipamentos municipais serán puntos de difusión destas informacións para facilitaren a súa distribución descentralizada por todo o territorio do municipio.

Artigo 5.- Participación dos veciños no Pleno.

Terminada a sesión do pleno do concello, o Alcalde pode establecer unha quenda de rogos e preguntas para o público existente sobre temas concretos de interese municipal.

Para ordenar esta participación directa dos veciños no pleno, quen desexe intervir na quenda, deberán solicitalo ao alcalde con cinco días de antelación á celebración da sesión do pleno correspondente. Quen fose interesado en intervir será notificado en tal sentido.

Os rogos e preguntas deberán ser formulados ante o pleno con brevidade, axustándose ao solicitado previamente por escrito.

Artigo 6.- Acceso a arquivos e rexistros.

1.- Os veciños terán acceso aos arquivos e rexistros municipais sobre temas de carácter público nos termos previstos na lei, de o solicitaren por escrito e de acreditaren un interese directo sobre os mesmos.

O dito acceso terá lugar no prazo máximo de 15 días, agás imposibilidade manifesta debidamente razoada polo responsable do departamento. O cómputo do prazo iniciarase dende a recepción da petición na oficina de referencia.

2.- A obtención de copias e certificacións acreditativas dos acordos adoptados polos órganos municipais ou dos antecedentes dos mesmos deberán solicitarse por escrito, logo do pagamento da taxa correspondente, si existir. Deberán ser expedidas dentro do mesmo prazo referido no parágrafo anterior. Deberá razoarse a petición cando se refira aos antecedentes.



Artigo 7.- Información sobre os procedementos en tramitación.

Os cidadáns teñen dereito a ser informados convenientemente dos procedementos nos que teñan a condición de interesados e da apertura dos períodos de información pública para a presentación de suxestións, alegacións e reclamacións en relación coas actuacións municipais se así estivesen recoñecidas na normativa sectorial de aplicación.

Artigo 8.- Coñecemento da xestión municipal.

1.- Os cidadáns teñen dereito a ser informados dos resultados da xestión municipal. Esta información poderase difundir a través dos medios e redes de comunicación municipal, co fin de asegurar o seu coñecemento xeral.

2.- Ás xuntas de área do Concello poderá asistir con voz un representante dos cidadáns para se informar dos asuntos de interese xeral e do seu ámbito de actuación. Será nomeado polo alcalde a proposta da federación de veciños polo período dun ano ou tempo que se estableza na proposta.

Artigo 9.- Oficinas de información e atención ao cidadán.

1.- Existirán oficinas de información e atención ao cidadán nos servizos centrais que se axustarán na súa implantación, xestión e funcionamento ás normas e procedementos que se establezan ao efecto. O Concello de Ourense promoverá as actuacións necesarias encamiñadas a creación da xanela única.

2.- Nestas oficinas darase información administrativa, orientación sobre a organización municipal sobre os fins, competencias e funcionamento dos órganos e servizos municipais, información sobre os recursos cidadáns existentes, así como sobre as actividades e acordos municipais. En todo caso coas funcións que a continuación se indican:



Concello de Ourense. Servizo de réxime interior

- a) Atención aos cidadáns, ó obxecto de canalizar toda a actividade relacionada coa información a que se refiren os artigos anteriores, así como facilitarlles a orientación e axuda que precisen no momento inicial da súa visita.
- b) Informar acerca dos fins, competencias e funcionamento dos distintos órganos e servizos que comprende o Concello. Así mesmo, ofrecerán aclaracións e axudas de índole táctica que os cidadáns requiran sobre procedementos e trámites administrativos para os proxectos, actuacións ou solicitudes que se propoñan realizar.
- c) Informar, dentro das súas posibilidades, sobre os servizos e competencias doutras administracións públicas.

3.- As oficinas de información e atención ao cidadán tramitarán as suxestións e reclamacións que os veciños queiran realizar. Do mesmo xeito, as ditas oficinas admitirán as denuncias e reclamacións que se poidan presentar, tanto presencialmente como por escrito, sobre irregularidades habidas na prestación dos servizos municipais.

4.- As queixas deberán ser trasladadas á comisión especial de suxestións e reclamacións ou ó órgano municipal competente e contestadas consonte ó procedemento e no prazo que determine a norma que regule o funcionamento de dita comisión.

Artigo 10.- Publicidade das sesións do Concello Pleno.

1.- Para información dos veciños en xeral, as convocatorias e orde do día do Pleno do Concello transmitiranse aos medios de comunicación o mesmo día da súa confección. Faranse públicos nos taboleiros de anuncios da Casa Consistorial, nas oficinas dos distritos e na páxina web do Concello.

2.- As federacións, confederacións, e unións de asociacións inscritas no rexistro de entidades cidadáns recibirán no seu domicilio social as convocatorias e orde do día do Pleno.



Concello de Ourense. Servizo de réxime interior

3.- O Concello dará publicidade resumida do contido das sesións plenarias e de tódolos acordos do Pleno e da Xunta de Goberno Local, así como das resolucións da Alcaldía e das que pola súa delegación se diten a través dos taboleiros de anuncios e da web municipal.

Artigo 11.- Difusión personalizada.

Cando circunstancias de interese xeral o aconsellen, e previa conformidade do órgano municipal competente, poderán remitirse directamente a tódolos cidadáns residentes no municipio, nun distrito, nun barrio, ou dunha determinada idade ou característica relevante, os acordos e disposicións municipais, sen prexuízo da preceptiva publicación nos medios municipais.

CAPÍTULO 2.- DO DEREITO DE PETICIÓN.

Artigo 12.- Titulares e obxecto do dereito de petición.

1.- É o dereito que teñen tódalas persoas físicas ou xurídicas a formular solicitudes ao Concello en materia da súa competencia e pedir aclaracións sobre as actuacións municipais.

2.- Tódalas persoas, físicas ou xurídicas domiciliadas en Ourense, de forma individual ou colectiva, poden exercer o dereito de petición, nos termos e co alcance previsto na normativa de desenvolvemento do artigo 29 da Constitución (actualmente recollida na lei 4/2001 reguladora do dereito de petición) sobre calquera asunto ou materia de competencia municipal.

3.- As peticións poden incorporar suxestións ou iniciativas.

4.- Non son obxecto deste dereito, nin se poderán admitir peticións, suxestións, queixas ou reclamacións que se amparen nun título específico diferente ao derivado do dereito fundamental de petición establecido no mencionado artigo 29 da Constitución, nin as que fagan referencia a materias para as cales o ordenamento xurídico prevea un procedemento específico distinto ó do dereito de petición.

Artigo 13.- Forma de exercitar este dereito.



Concello de Ourense. Servizo de réxime interior

1.- Exercerese por escrito, podendo utilizarse calquera medio, mesmo de carácter electrónico, que permita acreditar a súa autenticidade, e incluírá a identidade do solicitante, o lugar ou o medio elixido para a práctica de notificacións, o obxecto e o destinatario da petición.

2.- No caso de peticións colectivas, ademais dos requisitos anteriores, serán asinadas por tódolos peticionarios, debendo figurar xunto á sinatura, o nome, apelidos e D.N.I. de cada un deles.

3.- A presentación do escrito, a admisión e tramitación das peticións, así como a resolución das mesmas, que deberá notificarse no prazo máximo de tres meses dende a súa presentación, axustarase ao previsto na normativa reguladora do dereito fundamental de petición.

4.- O Concello atenderá a petición, e se non procedera á súa admisión motivaráo comunicándollo ao peticionario nun prazo máximo de 3 meses.

Son causas de inadmisión:

- a) Insuficiencia da acreditación do peticionario.
- b) O obxecto da petición non é competencia do Concello.
- c) A petición ten un trámite administrativo específico.

No primeiro caso daráselle un prazo de 10 días para corrixir a carencia de acreditación, dándose por desistido se non se fai neste prazo.

5.- Os cidadáns teñen dereito a ser escoitados na tramitación dos procedementos dos cales se manifeste interese lexítimo dacordo co establecido na Lei 30/1992.

CAPÍTULO 3.- DO DEREITO DE PARTICIPACIÓN DOS VECIÑOS E ENTIDADES CIDADÁNS NOS ÓRGANOS DO CONCELLO.

Artigo 14.- Participación dos veciños e asociacións.

Tódolos veciños teñen dereito a intervir directamente ou a través das súas asociacións na xestión dos asuntos públicos mediante a súa participación nos distintos órganos municipais, de acordo co procedemento establecido nas presentes normas.

Artigo 15.- Participación das asociacións de veciños nos órganos colexiados.



Concello de Ourense. Servizo de réxime interior

1.- Cando algunha das asociacións de veciños inscritas no rexistro do Concello de Ourense desexe efectuar unha exposición ante o Concello Pleno en relación con algún punto da orde do día en cuxa previa tramitación administrativa interveña como interesado, deberá solicitarlo ao Alcalde con suficiente antelación a celebración do Pleno.

2.- Para os efectos do apartado anterior entenderase que son interesados na tramitación administrativa:

- a) Quen o promove como titulares de dereitos ou interés lexítimo.
- b) Os que, sen teren iniciado o procedemento, ostenten dereitos que poidan resultar directamente afectados pola decisión que no mesmo se adopten.
- c) Aqueles cuxos intereses lexítimos, individuais ou colectivos, poidan resultar afectados e se persoen no procedemento, sempre que non recaese resolución definitiva.

3.- Logo da autorización do Alcalde, e a través dun único representante da entidade, poderá expoñer o seu parecer durante o tempo que sinala o Alcalde.

4.- O membro da entidade que actúe no Pleno será o que legalmente a represente segundo os seus estatutos, ou aqueloutro membro da súa xunta directiva nomeado expresamente para tal fin. En todo caso deberá acreditar a representación.

Artículo 16.- Presentación de iniciativas polas asociacións de veciños.

1- A federación e asociacións de veciños inscritas no rexistro do Concello de Ourense, poderán presentar ante o Pleno do Concello iniciativas.

2.- As iniciativas deberán conter un interese xeral, libremente apreciado polo Pleno. Serán motivadas e para o seu trámite terán que ser presentadas por escrito no rexistro xeral do Concello de Ourense con quince días de antelación ao Pleno en que se solicitase incluílas.

3.- A federación e asociación de veciños, a través do seu representante legal debidamente acreditado no momento de presentar a iniciativa, poderán solicitar defender o asunto presentado ante o Concello Pleno, e poderán facelo cando o Presidente o autorice para este efecto.



CAPÍTULO 4.- DO DEREITO DE INICIATIVA E PROPOSTA CIDADÁ.

Artigo 17.- Iniciativa Popular.

1.- Os veciños que disfruten do dereito de sufraxio activo nas eleccións municipais poderán exercer a iniciativa popular, nos termos previstos na lei reguladora das bases de réxime local, segundo a redacción dada no artigo 70 bis da lei de medidas para a modernización do goberno local, presentando propostas de acordos ou actuacións ou proxectos de regulamentos en materia de competencia municipal.

2.- As ditas iniciativas deberán ir subscritas o menos polo dez por cento dos veciños, segundo as cifras do padrón aprobado polo Pleno.

3.- As sinaturas presentaranse en folios numerados, con referencia precisa do obxecto da iniciativa no principio e en cada un deles e ordenados en táboas nas que figure o nome e apelidos do asinante, dirección e número do documento de identidade, acompañando fotocopia do mesmo, e, cando sexa posible, teléfono de contacto. O Concello deberá verificar as sinaturas.

4.- A iniciativa deberá ser sometida a debate e votación do Pleno da Corporación, sen prexuízo de que sexa resolta polo órgano competente por razón da materia. En todo caso requirirase o informe previo de legalidade do Secretario Xeral do Pleno, así como o informe do Interventor Xeral cando a iniciativa afecte a dereitos e obrigas de contido económico do Concello.

5.- A iniciativa pode levar incorporada unha proposta de consulta popular local, que será tramitada polo procedemento e cos requisitos previstos no artigo 71 da lei reguladora das bases de réxime local.

Artigo 18.- Iniciativa cidadá para promover actividades de interese público.

1.- Mediante a iniciativa cidadá, os veciños do municipio poden solicitar ao Concello que leve a cabo determinadas actividades de interese público e de competencia municipal e, para facelo, deben aportar medios económicos, bens, dereitos ou traballo persoal.



Concello de Ourense. Servizo de réxime interior

2.- O Concello poderá destinar unha partida para sufragar as actividades que se realicen mediante iniciativa cidadá.

Artigo 19.- Participación nas sesións.

1.- As sesións do Pleno son públicas. As das Comisións do Pleno serán públicas cando se someta a debate e votación a decisión sobre os asuntos en función de delegacións outorgadas polo Pleno. Poderán ser secretos o debate e votación daqueles asuntos que poidan afectar o dereito fundamental dos cidadáns ao que se refire o artigo 18.1 da Constitución, cando así se acorde por maioría absoluta. Non son públicas as sesións das Xuntas de Goberno Local.

2. – As sesións dos restantes órganos colexiados non serán públicas agás naqueles supostos en que as súas normas orgánicas determinen outra cousa ou se acorde por maioría absoluta ao inicio da sesión a proposta do Presidente.

3.- Como norma xeral o Concello Pleno celebrará as sesións no edificio da Casa Consistorial. Só nos casos de forza maior e acontecementos relevantes libremente apreciados polo Alcalde ou Presidente, poderá ser convocado en outro edificio especialmente habilitado ó efecto.

Artigo 20.- Dereito de proposta.

1.- Tódolos cidadáns teñen dereito a dirixirse individual ou colectivamente a calquera autoridade ou órgano municipal para formularen propostas de actuación, comentarios ou suxestións en materias de competencia municipal ou de interese local.

2.- A proposta poderá ser cursada mediante escrito e a través das diferentes vías que o Concello estableza para favorecer a comunicación cos veciños, vía telemática, caixas de correos de suxestións das distintas dependencias municipais ou calquer outro. En calquera caso daráselle traslado ao interesado da resolución que se adopte.

3.- Unha vez considerado o contido da proposta, será tramitada de conformidade ca mesma.

CAPÍTULO 5.- DEREITO Á CONSULTA CIDADÁ.

Artigo 21.- Consulta popular.



Concello de Ourense. Servizo de réxime interior

O Alcalde previo acordo do pleno por maioría absoluta e de acordo co previsto na normativa estatal (art. 71 LBRL) e autonómica, (artigo 257, Lei 5/1997, do 2 de xullo, de Administración Local de Galicia) poderá someter a consulta popular aqueles asuntos de competencia municipal propia e de carácter local, que resulten de especial relevancia para os intereses dos veciños do municipio, agás os relativos á facenda local, sen que o seu resultado vencelle ao Concello.

Artigo 22.- Outras consultas.

Cando o interese da veciñanza así o aconselle, e a proposta do Consello Social da Cidade, o Concello poderá recadar a opinión dos veciños dun distrito, dun barrio, de varios, ou de toda a cidade, a través de consultas concretas, enquisas, sondaxes de opinión ou calquera outra forma que sirva para coñecer o parecer dos cidadáns, podendo utilizar tamén para este efecto calquera medio de comunicación interactiva.

CAPÍTULO 6.- DEREITO Á AUDIENCIA PÚBLICA.

Artigo 23.- Audiencia pública.

- 1.- As entidades ou colectivos cidadáns teñen o dereito de audiencia pública, consistente en solicitaren a celebración de reunións específicas con órganos colexiados, abertas a tódolos que o desexaren, para seren informados e escoitados respecto de temas de competencia municipal.
- 2.- Será convocada polo Alcalde, ben sexa a iniciativa propia ou ben a petición das entidades cidadáns, individual ou colectivamente, que acrediten máis de 500 socios.
- 3.- As entidades ou colectivos cidadáns solicitantes de audiencia pública achegarán á súa petición unha memoria sobre o asunto ou asuntos que se debatan, con expresión clara da información que solicitan.
- 4.- Recibida a documentación, o Alcalde ou o concelleiro do distrito segundo o ámbito solicitado, convocará a audiencia pública no prazo máximo de tres meses, cunha antelación mínima de quince días.



Artigo 24.- Resolución da audiencia pública.

Na audiencia pública que veña referida a propostas de actuacións e acordos, o órgano competente deberá adoptar no prazo dun mes dende a celebración da sesión o correspondente acordo, ben aceptando total ou parcialmente a proposta para o seu estudo, tramitación e adopción do acordo que proceda, ben denegando a adopción da proposta, previo informe do servizo competente.

CAPTITULO 7.- DEFENSA DOS DEREITOS DOS VECIÑOS.

Artigo 25.- Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións.

Para a defensa dos dereitos dos veciños, o Concello de Ourense creou e regulou, mediante o seu correspondente regulamento, a Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións, conforme co establecido na normativa reguladora do réxime local, cuxo funcionamento e réxime xurídico réxense segundo o previsto pola dita regulamentación específica, á que se remite o presente texto.

TÍTULO III.- AS ENTIDADES CIDADÁNS.

CAPÍTULO 1.- REXISTRO DE ENTIDADES CIDADÁNS.

Artigo 26.- Obxectivos do rexistro.

1.- O rexistro de entidades cidadáns do Concello de Ourense, que será único, ten os seguintes obxectivos:

- Recoñecemento único ante o Concello de Ourense das entidades inseridas para garantir o exercicio dos dereitos recoñecidos nestas normas de xeito especificado en cada caso; todo isto sen prexuízo dos ficheiros de entidades establecidos ou que se poidan establecer noutros servizos municipais.
- Permitirlle ao Concello coñecer en todo momento os datos máis importantes da sociedade civil da cidade, a representatividade das entidades, o grao de interese ou a utilidade cidadá das súas actividades, a súa autonomía funcional e as axudas que reciban doutras entidades públicas ou privadas.



Concello de Ourense. Servizo de réxime interior

2.- Para os efectos deste regulamento considéranse entidades cidadáns as asociacións constituídas para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños que atopándose previamente inscritas no Rexistro Xeral de Asociacións, estean tamén no rexistro municipal de asociacións do Concello de Ourense.

Artigo 27.- Entidades que poidan inscribirse.

Poderán inscribirse no rexistro municipal de entidades cidadáns todas aquelas asociacións, federacións, confederacións ou unións de asociacións de base, que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Que sexan entidades de carácter asociativo, sen ánimo de lucro, constituídas consonte ó réxime xeral de asociacións.
- b) Que teñan sede no municipio de Ourense.
- c) Que o seu obxecto fundamental, de acordo cos seus estatutos, sexa a defensa, o fomento e a representación e promoción dos intereses xerais ou sectoriais dos cidadáns e a mellora da súa calidade de vida.
- d) Que veñan realizando programas e actividades que redunden en beneficio dos cidadáns de Ourense.

Artigo 28.- Solicitude e documentación que se ten que presentar.

As entidades cidadáns interesadas solicitarán a súa inscrición no modelo normalizado, dirixido á concellaría responsable dos servizos de participación cidadá, acompañando a seguinte documentación:

- a) Estatutos da entidade, onde se exprese a súa denominación, ámbito territorial de actuación, domicilio social, os seus fins e actividades, patrimonio inicial, recursos económicos dos que poderá facer uso, criterios que garantan o funcionamento democrático da entidade e todos aqueles extremos que se especifiquen na súa normativa reguladora tanto do Estado como da Comunidade Autónoma.
- b) Documento público acreditativo da inscrición e número da mesma no rexistro de asociacións nacional ou autonómico.
- c) Nome e DNI das persoas que ocupen cargos directivos.
- d) Domicilio social da entidade, teléfono, fax, páxina web, e correo electrónico.



Concello de Ourense. Servizo de réxime interior

- e) Orzamento do ano en curso.
- f) Programa das actividades que se van desenvolver nese ano.
- g) Certificación acreditativa do número de socios cos pagamentos correspondentes realizados.

Artigo 29.- Resolución da solicitude.

1.- A resolución dos expedientes de inscrición corresponderá ao concelleiro responsable da área do servizo de participación cidadá. Terá lugar no prazo de 3 meses, que se contarán a partir da data en que tivese entrada a solicitude de inscrición no rexistro que corresponda.

2.- A tramitación da solicitude, a súa resolución e o réxime de recursos, axustarase ao previsto na Lei 30/1992, de 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3.- A resolución seralle notificada á entidade. Se é denegada deberá ser motivada e se é estimatoria indicará o número de inscrición asignado, considerándose de alta para tódolos efectos dende a data do decreto da concellaría.

Artigo 30.- Modificación dos datos e renovación anual da inscrición.

1.- As entidades inscritas no rexistro están obrigadas a notificar ao mesmo toda modificación que se produza nos datos inscritos, dentro do mes seguinte á modificación.

2.- As entidades comunicaranlle ó rexistro, no mes de xaneiro de cada ano, o orzamento para o exercicio, o programa de actividades e certificación actualizada do número de socios cos pagamentos correspondentes realizados, así como os resultados e data das últimas eleccións para elixir os seus órganos de goberno, conforme cos estatutos de cada entidade.

3.- O incumprimento destas obrigas producirá a baixa automática da inscrición no rexistro municipal de entidades cidadáns e a perda dos dereitos recoñecidos nestas normas.

Artigo 31.- Datos asociativos.



Concello de Ourense. Servizo de réxime interior

1.- Co obxecto de facilitar a investigación e análise do tecido asociativo, no rexistro de entidades cidadáns poderanse incluír todos aqueles datos que resulten relevantes acerca de actividades e funcionamento interno das entidades rexistradas. Inclúiranse, en todo caso, as subvencións municipais recibidas.

2.- Os datos especificados no rexistro, referidos a entidades inscritas, poderán facilitarse a terceiros interesados, observando aos requisitos que resulten da aplicación da normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

3.- Adoptaranse as medidas necesarias para asegurar unha adecuada colaboración entre o rexistro de entidades cidadáns e os correspondentes rexistros de asociacións de ámbito estatal e autonómico.

CAPÍTULO 2.- FOMENTO DO ASOCIACIONISMO.

Artigo 32.- Medidas de fomento do asociacionismo.

1.- É vontade municipal fomentar e apoiar o asociacionismo e o voluntariado.

2.- O asociacionismo é a expresión colectiva do compromiso dos cidadáns coa súa cidade, e o voluntariado unha das súas expresións máis comprometidas e transformadoras.

3.- Para isto, o Concello utilizará os diversos medios xurídicos e económicos a través de axudas, subvencións, convenios e calquera forma de colaboración que resulte para esta finalidade.

4.- Para conseguir que as entidades cidadáns rexistradas poidan desenvolver a súas actividades con plenas garantías, o Concello colaborará en:

- Programas de formación e capacitación na xestión para lograr a dinamización e o impulso do movemento asociativo.
- Un servizo de asesoramento a diferentes niveis de participación e xestión, incluída a xestión compartida dos equipamentos e servizos municipais.
- A aportación de recursos para promover a realización das súas actividades.

SECCIÓN PRIMEIRA.- Da declaración de utilidade pública municipal.

Artigo 33.- Requisitos que deben cumprir as entidades cidadáns.



Concello de Ourense. Servizo de réxime interior

1.- As entidades inscritas no rexistro con arranxo ás presentes normas, poderán ser recoñecidas de utilidade pública municipal cando o seu obxecto social e as actividades que veñan realizando no municipio de Ourense teñan carácter complementario con respecto ás competencias municipais.

2.- Para valorar a procedencia do recoñecemento de utilidade pública municipal teranse en conta os seguintes aspectos:

- a) Que os seus fins estatutarios tendan a promover o interese xeral e sexan de carácter cívico, educativo, científico, cultural, deportivo, sanitario, de promoción de valores constitucionais, de promoción dos dereitos humanos, de asistencia social, de cooperación ao desenvolvemento, de defensa de consumidores e usuarios, defensa do medio ambiente, de fomento da economía social ou da investigación e calquera outro de natureza similar.
- b) O interese público municipal e social para a cidadanía de Ourense, e que a súa actividade non estea restrinxida exclusivamente a beneficiar os seus asociados, senón aberta a calquera outro posible beneficiario.
- c) Que os membros dos órganos de representación da entidade que perciban retribucións non o fagan con cargo a fondos públicos ou subvencións.
- d) Que contén cos medios persoais e materiais adecuados e coa organización idónea que garante o funcionamento democrático da entidade e o cumprimento dos fins estatutarios.
- e) Que se encontren constituídas, inscritas no rexistro correspondente, en funcionamento e dando cumprimento efectivo aos seus fins estatutarios ininterrompidamente e concorrendo todos os precedentes requisitos polo menos durante os cinco anos inmediatamente anteriores á presentación da solicitude de declaración de utilidade pública municipal.

Artigo 34.- Solicitude de declaración de utilidade pública municipal.

O procedemento de declaración de utilidade pública municipal rexerese polo disposto na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Iniciarase ben de oficio ben a instancia da entidade interesada mediante solicitude dirixida ao Alcalde. Acompañarase a seguinte documentación:



Concello de Ourense. Servizo de réxime interior

- Certificación do número de socios ao corrente de cotas no momento de solicitar o recoñecemento de utilidade.
- Memoria das actividades, convenios, concertos ou actividades similares de colaboración co Concello realizadas pola entidade dende a súa fundación.
- Calquera outro documento que se considere necesario para valorar adecuadamente a procedencia do recoñecemento interesado, conforme cos criterios establecidos neste regulamento.

Artigo 35.- Tramitación da declaración de utilidade pública.

1.- Ao expediente que se instrúa, incorporaranse os informes que procedan doutras administracións públicas, así como dos diferentes servizos municipais en función do sector ou sectores de actividade da entidade e da xunta de distrito correspondente. A concellaría competente na materia de participación cidadá, baseándose na documentación aportada e os

informes emitidos apreciará, de forma motivada, a procedencia de conceder ou denegar a declaración solicitada, que se elevará ao Concello Pleno.

2.- Unha vez acordado o dito recoñecemento, inscribírase de oficio no rexistro de entidades cidadáns.

Artigo 36.- Dereitos que comporta a declaración de utilidade pública.

O recoñecemento dunha entidade cidadá como de utilidade pública municipal comporta os dereitos establecidos na presente norma, así como utilizar a mención de “utilidade pública municipal” nos seus documentos.

Así mesmo gozará dos beneficios fiscais que a lexislación vixente aplica a estas entidades, e as que o Concello, na súa competencia, poida establecer.

Artigo 37.- Revogación da declaración de utilidade pública municipal.

1.- Cando desapareza algunha das circunstancias que serviran para motivar a declaración de utilidade pública, ou a actividade da asociación non responda ás esixencias que a dita declaración comporta, iniciárase o procedemento de revogación de utilidade pública, que se



Concello de Ourense. Servizo de réxime interior

axustará ás normas do procedemento administrativo previstas na Lei 30/1992 de 26 de novembro, e á normativa reguladora do dereito de asociación.

2.- O expediente iniciarase pola concellaría competente en materia de participación cidadá, por propia iniciativa, a petición razoada dos distritos ou outros servizos municipais ou por denuncia. Iniciado o mesmo, solicitaranse os informes que se consideren pertinentes dos distintos servizos municipais e doutras administracións públicas se fora necesario. Unha vez recadados os ditos informes dárase en todo caso trámite de audiencia á entidade interesada. Á vista de todo isto, a concellaría competente en materia de participación cidadá emitirá proposta de resolución motivada e elevaraa ao Concello Pleno para a súa aprobación.

SECCIÓN SEGUNDA.- Axudas, subvencións e convenios de colaboración.

Artigo 38.- Subvencións

O réxime de axudas e subvencións será o establecido na normativa de aplicación vixente, estatal ou autonómica, e mais na ordenanza xeral de subvencións do Concello de Ourense.

Artigo 39.- Convenios de colaboración.

Para o desenvolvemento de programas de interese cidadá xeral, o Concello poderá establecer convenios coas entidades cidadáns máis representativas con arranxo ás presentes normas. Mediante os ditos convenios as entidades obrigaranse ao desenvolvemento de actividades relacionadas coa mellora da calidade de vida dos veciños e a potenciación dos seus dereitos. A súa vez, o Concello favorecerá a obtención dos medios e recursos necesarios para levar a cabo as actividades obxecto de convenio.

SECCIÓN TERCEIRA.- Utilización de locais, instalacións, canles de comunicación e xestión de equipamentos municipais.

Artigo 40.- Utilización de locais e instalacións.

1.- As entidades cidadáns declaradas inscritas e de utilidade pública municipal poderán acceder ao uso de locais e instalacións de titularidade municipal para a realización de actividades puntuais, sendo responsables do bo uso das instalacións. A solicitude cursarase ante o órgano competente, quen poderá concedela ou denegala. A concesión atenderá ás limitacións que



Concello de Ourense. Servizo de réxime interior

impoña o uso normal das instalacións ou a coincidencia do uso por parte doutras entidades ou do propio Concello. A denegación será motivada.

Ditas entidades beneficiarias deberán subscribir un seguro que cubra a responsabilidade civil por danos.

2.- Para o desenvolvemento de actividades continuadas, o Concello poderá conceder o uso de locais ou instalacións ás entidades inscritas e declaradas de utilidade pública municipal, nos termos que sinale o acordo de concesión correspondente, establecéndose en todo caso as condicións de uso. Os gastos inherentes á utilización, así como os investimentos que fosen necesarios para a normal conservación e mantemento do inmovible, correrán a cargo da entidade beneficiaria.

3.- O Concello facilitará a presenza das opinións e colaboración das entidades cidadáns inscritas no rexistro de entidades veciñais e declaradas de utilidade municipal. Facilitarase a dita presenza na web municipal, así como enlaces cos sitios web das entidades cidadáns máis representativas.

Artigo 41.- Os medios de comunicación municipais.

O Concello potenciará os medios de comunicación locais, propiciará o acceso a estes dos cidadáns e asociacións inscritas no rexistro municipal de entidades cidadáns e facilitará a presenza das súas opinións e colaboracións nelas. Para facilitar o uso destes medios estableceranse canles e prazos, segundo as características do medio e interese manifestado. Así mesmo incorporaranse as novas tecnoloxías da información e da comunicación para facilitar ao máximo a información municipal e a participación cidadá. A tal fin redactaranse as correspondentes normas internas:

- Boletín municipal. O Concello promoverá accións de carácter formativo e informativo, mediante a edición periódica dun boletín municipal que permita aproximar a administración aos cidadáns.
- Taboleiros municipais. Os taboleiros situados en dependencias municipais destinadas a servizos e atención ó público e equipamentos de proximidade serán de libre acceso ás entidades cidadás inscritas no rexistro.
- Páxina web. O Concello fomentará o uso das novas tecnoloxías da información e a comunicación mediante unha páxina web que permita:



Concello de Ourense. Servizo de réxime interior

- a) Facilitar ao máximo as xestións co Concello, posibilitando a realización de trámites administrativos.
 - b) Mellorar a transparencia da administración, incorporando á rede toda a información de carácter público que se xere na cidade.
 - c) Potenciar a relación entre as administracións a través de redes telemáticas para beneficio dos cidadáns.
 - d) Facilitar a presenza das entidades cidadáns, así como o enlace cos sitios web das máis representativas.
- Rede informática cívica. Na medida que xeneralice o uso dos recursos tecnolóxicos, o Concello desenvolverá progresivamente un foro ou rede informática cívica, aberta a tódalas persoas residentes na cidade.
 - Firma electrónica. O Concello fomentará o emprego da firma electrónica, dacordo cas leis e regulamentos que a desenvolvan, dentro do proceso de modernización das administracións públicas e o seu acercamento progresivo e continuo aos cidadáns.

Artigo 42.- Xestión de equipamentos municipais.

Como medida de fortalecemento do tecido asociativo, o Concello facilitará a xestión polas entidades cidadáns declaradas de utilidade pública en virtude das presentes normas, de servizos e equipamentos municipais de carácter social, cultural e deportivo. Dita xestión levarase a cabo

no marco da normativa reguladora da contratación, sempre que as entidades cumpran cos requisitos de solvencia técnica e económica esixibles con carácter xeral. Os beneficios económicos obtidos desta xestión destinaranse na súa totalidade ao programa ou equipamento xestionado. As contas da xestión do programa ou equipamento serán controladas polo organismo municipal responsable do dito programa ou equipamento.

TÍTULO IV.- DEBERES DOS VECIÑOS

Artigo 43.- Deberes

No marco dos deberes cívicos previstos na Constitución para tódolos cidadáns nas leis vixentes e nos regulamentos municipais de desenvolvemento, os veciños de Ourense terán en todo caso os seguintes deberes:



Concello de Ourense. Servizo de réxime interior

- a) Deber de colaboración no seu máis amplo sentido coa administración municipal, co obxecto de conseguir unha mellor prestación dos servizos municipais.
- b) Deber de facilitar a actuación municipal en todo o relativo á inspección, fiscalización e seguimento de tódalas materias relacionadas co ámbito das súas competencias.
- c) Deber de solicitar as preceptivas licenzas e demais autorizacións municipais precisas para o exercicio de calquera actividade sometida ao control da administración municipal.
- d) Deber de coidar e respectar a cidade de Ourense, a convivencia cos veciños e coas persoas que a visitan.

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

Primeira.- Integración no regulamento orgánico.

O presente regulamento orgánico considerase parte integrante do Regulamento Orgánico de Goberno e Organización, do Pleno e a Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións do Concello de Ourense para tódolos efectos.

Segunda.- Lexislación aplicable.

Ademais de polo presente regulamento rexeranse polo disposto na Lei de Bases de Réxime Local; en texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local aprobado polo Real Decreto Lexislativo 871/1986, de 18 de abril; pola lei 5/1997 de Administración Local de Galicia; Lexislación Xeral de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e de Procedemento Administrativo Común; polo Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais e demais normas que poidan ser de aplicación.

DISPOSICIÓN FINAL

O presente regulamento entrará en vigor unha vez que se aprobe polo Excmo. Concello Pleno e, publicado integramente no Boletín Oficial da Provincia, transcurra o prazo ao efecto establecido na lexislación local.

DISPOSICIÓN DEROGATORIA

Queda derogada toda regulamentación municipal que se opoña ás determinacións do presente regulamento.



Versión en castellano:

**REGLAMENTO ORGÁNICO DE PARTICIPACIÓN CIDADANA DEL EXCMO.
AYUNTAMIENTO DE OURENSE**

INDICE

TÍTULO I.- DISPOSICIONES GENERALES

Artículo 1.- Ámbito objetivo de aplicación

Artículo 2.- Ámbito subjetivo de aplicación

Artículo 3.- Finalidad de las normas

TÍTULO II.- DERECHOS DE LOS CIUDADANOS

CAPÍTULO I.- DEL DERECHO DE INFORMACIÓN

Artículo 4.- Derecho general de información

Artículo 5.- Participación de los vecinos en el Pleno

Artículo 6.- Acceso a archivos y registros

Artículo 7.- Información acerca de los procedimientos en curso

Artículo 8.- Conocimiento de la gestión municipal

Artículo 9.- Oficinas de información y atención al ciudadano

Artículo 10.- Publicidad de las sesiones del Ayuntamiento Pleno

Artículo 11.- Difusión personalizada

CAPÍTULO 2.- DEL DERECHO DE PETICIÓN

Artículo 12.- Titulares objeto del derecho de petición

Artículo 13.- Forma de ejercer este derecho

**CAPÍTULO 3.- DEL DERECHO DE PARTICIPACIÓN DE LOS VECINOS Y
ENTIDADES CIUDADANAS EN LOS ÓRGANOS DEL AYUNTAMIENTO**



Artículo 14.- Participación de los vecinos y asociaciones

Artículo 15.- Participación de las asociaciones de vecinos en los órganos colegiados

Artículo 16.- Presentación de iniciativas por las asociaciones vecinales

CAPÍTULO 4 .- DEL DERECHO DE INICIATIVA Y PROPUESTA CIUDADANA

Artículo 17.- Iniciativa popular

Artículo 18.- Iniciativa ciudadana para promover actividades de interés público

Artículo 19.- Participación en las sesiones

Artículo 20.- Derecho de propuesta

CAPÍTULO 5 .- DERECHO A LA CONSULTA CIUDADANA

Artículo 21.- Consulta popular

Artículo 22.- Otras consultas

CAPÍTULO 6 .- DERECHO A LA AUDIENCIA PÚBLICA

Artículo 23.- Audiencia pública

Artículo 24.- Resolución de la audiencia pública

CAPÍTULO 7 .- DEFENSA DE LOS DERECHOS DE LOS VECINOS

Artículo 25.- Comisión Especial de Sugerencias y Reclamaciones

TÍTULO III .- LAS ENTIDADES CIUDADANAS

CAPÍTULO 1 .- REGISTRO DE LAS ENTIDADES CIUDADANAS

Artículo 26.- Objetivos del Registro

Artículo 27.- Entidades que pueden inscribirse

Artículo 28.- Solicitud y documentación a presentar

Artículo 29.- Resolución de la solicitud

Artículo 30.- Modificación de los datos y renovación anual de la inscripción

Artículo 31.- Datos asociativos

CAPÍTULO 2 .- FOMENTO DEL ASOCIACIONISMO



Artículo 32.- Medidas de fomento del asociacionismo

SESIÓN PRIMERA.- De la declaración de utilidad pública municipal

Artículo 33.- Requisitos que deben cumplir las entidades ciudadanas

Artículo 34.- Solicitud de declaración de utilidad pública municipal

Artículo 35.- Tramitación de declaración de utilidad pública

Artículo 36.- Derechos que comportan la declaración de utilidad pública

Artículo 37.- Derogación de la declaración de utilidad pública municipal

SECCIÓN SEGUNDA.- Ayudas, subvenciones y convenios de colaboración

Artículo 38.- Subvenciones

Artículo 39.- Convenios de colaboración

SECCIÓN TERCERA .- Utilización de locales, instalaciones, canales de comunicación y gestión de equipamientos municipales.

Artículo 40.- Utilización de locales e instalaciones

Artículo 41.- Los medios de comunicación municipales

